

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 23 DE OUTUBRO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Pérez Rodríguez, Francisco J.

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Presedo Garazo, Antonio

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpa ausencia:

PDI

Pérez Losada, Fermín

A xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 23 de outubro de 2020, ás 09.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de outubro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos validados na Comisión de Calidade:
 - 3.1. Informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia
 - 3.2. Informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
 - 3.3. Informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia.
 - 3.4. Informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
 - 3.5. Procedemento DO-0301 Índice 05 Información Pública e Rendemento de Contas, que se implantará neste curso 2020-2021.
 - 3.6. Procedemento MC-05 Índice 05 Medición da satisfacción dos grupos de interese, que se implantará neste curso 2020-2021.
4. Aprobación, se procede da data extraordinaria de defensa TFG de decembro, solicitude de defensa do 25 de novembro ao 4 de decembro, límite de depósito o 4 de decembro, defensa o 9 de decembro.
5. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura ao nome do membro da Xunta de Facultade que desculpa a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de outubro de 2020.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Comeza o seu informe explicando que pola Covid-19 tivéronse que suspender varias das saídas de estudos programadas. Esta suspensión non vai afectar á actividade do Centro que ía ser na primavera pasada, xa que está proxectada para que se cumpran todas as medidas preventivas motivadas pola Covid-19. Terá lugar o venres día 30 de outubro e un ano máis está organizada pola empresa Xeitura.

Comunicouse ao Centro un segundo caso de covid positivo, pero se trataba dunha alumna que non estaba asistindo a clases. Volve a incidir na necesidade de comunicarlle a ela, como responsable COVID, todas as notificacións que lle chegue ao profesorado.

Expón que o pasado luns os/as decanos/as e directores/as tiveron unha xuntanza co vicerreitor de planificación e sostibilidade, quen lle informou de que a Xunta de Galicia repartiu entre as universidades do SUG partidas de tests serolóxicos. Unha parte caducaban aos poucos días polo que houbo que planificar por parte dos Centros do campus a súa realización o máis axiña posible. Contábase coa axuda do alumnado de 4º da Escola Universitaria de Enfermaría do Campus de Ourense, pero un día antes do comezo das probas houbo un problema porque o alumnado negouse a colaborar. Isto provocou un reaxuste na planificación inicial e obrigou a cambiar os días de realización dos tests en todos os centros. As probas na Facultade de Historia realizáronse o xoves, grazas a presenza da directora e da secretaria da escola de Enfermaría a quen agradecemos o gran esforzo realizado. Os resultados foron moi satisfactorios porque todos foron negativos.

O centro conta cun novo bolseiro de colaboración que este ano será o alumno de 3º curso Amado Tierra Lozano , que é un estudante moi disposto a colaborar en todo o que se precise. Vai abrir unha hora a semana o laboratorio de informática para que se poida imprimir.

Outro aspecto a comentar é que polo número de alumnado co que actualmente conta a facultade, o próximo equipo decanal podería contar con dous vicedecanatos, a decana pensa que pode ser un aliciente para presentarse ao relevo.

3. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos validados na Comisión de Calidade:

En relación á temática relativa a calidade, explicou que neste curso estamos a medio camiño da renovación da Certificación do Sistema. Neste momento temos todos os asuntos actualizados.

Recibimos, como ven sendo habitual, desde a Área de Calidade a Axenda para o novo curso. A idea era que hoxe puideramos pechar todos os trámites relativos ao curso 2019-2020, pero non será posible porque non se rematou o informe de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural punto que se propón retirar da orde día. Cando este documento sexa entregado realizaremos unha nova Comisión de Calidade e a correspondente Xunta de Facultade, probablemente pola vía de correo electrónico.

Nas accións extraordinarias de calidade, a Facultade de Historia, este curso, non ten ningún proceso pendente; non hai que acreditar ningún título, nin hai proxectado o seguimento de ningunha titulación por parte da ACSUG.

En relación ás enquisas Covid do curso pasado que se realizaron para coñecer como veu o alumnado o cambio de docencia presencial á virtual os resultados foron satisfactorios, aínda que con escasa participación, porque unicamente contestou un terzo das persoas convocadas. Valoraron positivamente a aquel profesorado que realizou cambios para adaptarse á nova situación.

Na Comisión de Calidade celebrada onte se validaron todos os asuntos a tratar agás o punto *4.- Validación, se procede, do informe de coordinación do curso 2019-2020 do Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural* que como se indicou decaeu da orde do día. As persoas que o desexen poden formular as preguntas que consideren en relación ao tratado na comisión. A decana fai un breve resumo do tratado na citada comisión, os membros presenten non formulan preguntas.

3.1. Informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia.

A decana desexa agradecer o gran esforzo realizado pola coordinadora Beatriz Vaquero durante a pandemia, resultando un importante apoio a súa labor de xestión. Respecto ao informe que se remitiu coa acta, comenta que é moi rigoroso, recollendo con precisión e de xeito claro a evolución do curso antes é despois do Estado de Alarma.

Apróbase por asentimento.

3.2. Informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Este punto decae porque non se entregou en prazo a documentación. Despois de intercambiar distintas visións relativas á importancia do cumprimento dos prazos, a decana solicitoulle a Fermín Pérez que entregue o informe o día 2 de novembro para poder sometelo á validación da Comisión de Calidade e á aprobación da Xunta de Facultade que, reitera, serán por correo electrónico.

3.3. Informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia.

Apróbase por asentimento.

3.4. Informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Apróbase por asentimento.

3.5. Procedemento DO-0301 Índice 05 Información Pública e Rendemento de Contas, que se implantará neste curso 2020-2021.

Apróbase por asentimento.

3.6. Procedemento MC-05 Índice 05 Medición da satisfacción dos grupos de interese, que se implantará neste curso 2020-2021.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede da data extraordinaria de defensa TFG de decembro, solicitude de defensa do 25 de novembro ao 4 de decembro, límite de depósito o 4 de decembro, defensa o 9 de decembro.

Trátase de ampliar o máximo posible as datas de depósito e de defensa do TFG. Hai un único alumno que se acolleu a esta extensión.

Apróbase por asentimento

5. Rolda de intervencións.

Intervén a profesora Beatriz Comendador para expor que desde a Área de Prehistoria organizaron dúas conferencias para o alumnado e solicitouse empregar unha única aula. Desexan tamén que esas conferencias estean abertas ao público en xeral que podería asistir de xeito virtual. Desexaba consultar se había problema en utilizar presencialmente a aula 9 e outra aula virtual de acceso libre porque un dos conferenciantes non se poden rexistrar

no campus remoto. Susana Reboreda indica que non teñen que ser coincidentes a aula virtual e a presencial e incide na importancia de que non se pode convocar a máis xente da que poida estar presente na aula cumprindo as medidas de distancia social dispostas.

Susana Reboreda pon como exemplo as aulas que empregou na Xornada de Mulleres na Antigüedad, indicando que hai un aula a 2.8 que resulta moi agradable para as persoas que de xeito remoto están impartindo a conferencia dado que poden ver ao alumnado que está presente na aula. Outra posibilidade en relación ao acceso aberto para o público é que se comunique a UVigo Tv que esa charla quede en acceso aberto

Intervén Elena de Uña para explicar a súa experiencia. O que ela fixo foi usar o seu despacho en remoto porque ela mesma pode habilitar a entrada sen código de acceso. Son salas autenticadas pero ao facer clic sobre o cadeado pode entrar todo o mundo que o desexe. A outra posibilidade é enviar aos técnicos do soporte remoto o DNI e datos das persoas de fóra da universidade que queiran acceder e se lles da un password automático.

Beatriz Comendador explica tamén que van facer unha actividade substitutoria da saída de estudos .Trátase dunha actividade de mini-etnografía.

Pregúntase sobre a proposta do Alcalde de Verín. Beatriz Comendador consulta se chegou ao decanato unha solicitude relacionada coa solicitude dun informe para o expediente de declaración de BIC para os balnearios de Verín. A ela encantaríalle poder axudar pero non pode asumir nestes momentos ese traballo. Susana Reboreda agradece a Beatriz o recordatorio e comenta que efectivamente o alcalde de Verín solicitou a colaboración da facultade para ese informe, pero que apenas hai datos sobre a envergadura do mesmo en canto área que abarca ou extensión ou prazo. Conclúese que se vai solicitar que concreten estes aspectos, quen o solicita e en que prazo.

Intervén Elena de Uña para explicar que se cancelou tamén a visita ás covas porque chamaron desde Mondoñedo informando que tiñan que pechar. Tentarase realizala noutras datas. No caso de non poder facela realizaríase unha actividade interactiva, virtual.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.55 h do día 23 de outubro de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba